



VALORACIÓN OFERTAS TÉCNICAS PARA O SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADE FORMATIVAS NA AULA CEMIT DO CONCELLO DE AMES

Este servizo recibe do departamento de contratación do Concello de Ames as ofertas técnicas das seguintes empresas:

- Osventos Innovación en Servizos
- Campa S.L.
- Ibérica Soluciones Formativas
- Axóuxere

A valoración realízase sobre unha memoria presentada polas empresas na que debían indicar o programa de actividades da Aula CeMIT, acadando unha **puntuación** que como **máximo** pode chegar os **25 puntos**.

En primeiro lugar sinalar que non hai compromiso explícito en ningunha das ofertas das horas que diariamente se van a impartir nin un horario de apertura diario da aula polo que tomase como base as seis horas esixidas polo prego para todas as ofertas.

Aspectos sinalables sobre as ofertas recibidas:

- **OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS:** a oferta cumpre cos criterios mínimos a nivel de cursos esixidos.
 - Matizacións:
 - Presenta estruturación dos horarios de cursos e programación para os mesmos incluíndo un posible calendario para 2018 e as edicións dos mesmos. Indica claramente o horario que se adicará a apertura da aula de xeito libre.
 - Metodoloxía de traballo en función da poboación. Inclúe estruturación das clases e plan de traballo para este ano e os seguintes.
 - A oferta fai referencias a clases preparatorias do CODIX (Certificación Galega de Competencias Dixitais en Ofimática) pero non hai proposta de cursos aínda que fai referencia a como se poderían impartir.
 - Tamén fai referencia os exames do CODIX e EMA (Espazo Multimedia de Aprendizaxe) e como encadrar estes dentro do horario de apertura.
- **CAMPA S.L.:** a oferta cumpre cos mínimos ofertados a nivel de cursos esixidos e horas requiridas para os mesmos. Presenta unha relación de formación a maiores da requirida como mínima (216 horas aproximadamente) o problema é que esta

fora dos itinerarios e cursos propostos pola rede CeMIT, aínda que isto non é un motivo excluínte segundo os pregos. Este punto debería valorarse dentro da oferta formativa.

- Matizacións:
 - No punto 1 propoñen o uso dos sistemas Windows para todos os cursos. Os equipos informáticos que están instalados nas aulas CeMIT teñen un arrinque dual que permite elixir entre dous sistemas operativos Microsoft Windows 10 e Linux. Polo xeral todos os cursos da rede CeMIT están orientados a funcionar baixo a plataforma Linux, todo o software é de natureza libre e está xa instalado na plataforma. A Oficina CeMIT confirmounos que a utilización do sistema Microsoft Windows 10 é residual para os cursos en aulas CeMIT, ou para temas moi puntuais, isto require que para cada curso teñan que xerarse contas novas en cada equipo informático por usuario e a maiores a instalación do software para a impartición do curso cousa que non pasa ca plataforma Linux.
 - No punto 5 recalcan ter problemas cos programas e o sistema operativo por defecto (Linux). Fixemos a pertinente consulta á oficina CeMIT (AMTEGA) e a Aula CeMIT do Concello de Ames, en ningún dos casos confirmouse tales incidencias salvo algún caso puntual.
 - Polos datos obtidos este departamento unicamente pode deducir que a empresa ten preferencia por un sistema sobre o outro pero non por razóns técnicas, xerando moito traballo adicional a oficina CeMIT na configuración de cada equipo para cada curso. Por isto recomenda rexeitar a proposta da empresa da utilización do sistema Windows.
 - Non se indica as ferramentas informáticas a utilizar nas accións formativas fora do catálogo da rede CeMIT nin en que sistema operativo funcionan, suponse que para todas estas deben ter licenza. Os cursos dentro do catálogo da rede CeMIT teñen cubertos estes aspectos.
 - Hai outros aspectos na metodoloxía que non se entende moi ben que consten como parte da oferta técnica como son o punto 6 cos problemas de conduta cos usuarios.
 - A oferta inclúe un plan de dinamización e divulgación (cartelería e redes sociais).
 - Inclúese unha proposta de seguimento e avaliación do servizo así como reporte de incidencias que podan xurdir.

- **IBÉRICA SOLUCIONES FORMATIVAS:** esta oferta non cumpre cos requisitos mínimos esixidos a nivel de cursos non ofertando ningún curso nin hora de formación para os seguintes cursos:

- Creación dun Blog
- Solicitude citas online (Sergas, DNI, etc)

- **AXÓUXERE:** a oferta da empresa a nivel dos cursos mínimos esixidos é vaga non indicando cantas edicións por curso nin horas que compoñen cada unha o que fai que non sexa fácil discernir claramente as sesións dos cursos. Por outra banda hai mesturados cursos que non están dentro da oferta de mínimos con estes. Hai cursos que implican o uso de Microsoft Windows e Microsoft Word non indicando como pretenden acometer estas formacións que non están dentro do catálogo da rede CeMIT. Outros aspectos:
 - Estruturação en bloques formativos dos contidos a impartir.
 - Presenta un plan de utilización da aula aberta e control e asistencia da mesma.
 - Presenta fichas de asistencia a cursos e control de incidencias e calidade así como a emisión dos certificados acreditativos dos cursos.

PUNTUACIÓNS:

- **OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS: 20 PUNTOS**
 - Valorouse positivamente o calendario e a planificación dos horarios así como as metodoloxías de atención segundo grupo poboacional.
 - Tanto o CODIX como EMA son moi demandados pola poboación de Ames polo que este creemos que é vital para a aula, sendo un aspecto que debe fomentar para a alfabetización dixital da poboación.
 - Botouse en falta aspectos referidos a dinamización da aula e algún tema de xestión da mesma.
- **CAMPA S.L.: 12 PUNTOS**
 - A favor desta oferta temos parte da metodoloxía de traballo que cumpre co esperado por un servizo coma este.
 - Tamén e sinalable a xestión de aula e plan de divulgación das ofertas formativas da aula.
 - En contra desta oferta temos a preferencia por parte de CAMPA S.L. de non utilizar as ferramentas predeterminadas para os cursos pola Rede CeMIT nen o entorno por defecto para as mesmas.
 - Botouse en falta como pensan planificar a aula aberta.
- **IBÉRICA SOLUCIONES FORMATIVAS: 0 PUNTOS**
- **AXÓUXERE: 14 PUNTOS**
 - A favor a estruturação en bloques formativos das actividades da aula.
 - Positivamente valoramos xestión de aula e cursos.
 - Planificación de aula aberta.
 - Botouse en falta unha clarificación sobre o número de edicións dos cursos esixidos como mínimos e as horas adicadas a estes.